



Datos do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - BRA	
Número expediente:	Documento:
CON/2024/12	CON18I018M
3H4M 0Q2M 6Q63 4N6F 08WK	

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

O xefe do Servizo de Contratación, en data 12 de marzo de 2024, elevou a esta Alcaldía-Presidencia un informe-proposta que literalmente di:

“Expediente CON/12/2024: Execución do programa municipal de participación cidadá

Asunto: proposta de aprobación do expediente

En relación co expediente para a contratación do servizo denominado “Execución do programa municipal de participación cidadá”, en cumprimento do disposto no artigo 117 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), emíttese o seguinte

INFORME-PROPOSTA

Estamos perante un contrato de servizos, definido polo artigo 17 da LCSP.

Con data de 8 de febreiro de 2024, a xefa do Servizo Sociocomunitario emitiu un informe no que se expresa a necesidade da contratación do servizo correspondente aos traballos necesarios para a execución do programa de Participación Cidadá, de acordo co disposto no artigo 28 da LCSP.

O órgano de contratación xustifica mediante resolución da alcaldía da mesma data pola que se inicia o expediente de contratación, a necesidade manifestada para esta contratación, consistente na contratación dunha empresa especializada para a execución do programa de participación cidadá, co obxecto de por a disposición do tecido asociativo, da cidadanía e de todos os axentes implicados, unha serie de ferramentas para a motivación e a mellora da participación cidadá, fundamentalmente a través de actividades formativas, o asesoramento, o diálogo e os encontros, campañas de sensibilización, etc., todo elo de cara a xerar procesos que dinamicen á poboación a través da participación activa nos procesos de toma de decisións e na xestión dos asuntos públicos do concello, xustificación que se realiza de acordo co disposto no artigo 116 da LCSP.

Constan, ademais, no expediente de contratación a acreditación da insuficiencia de medios, a xustificación da decisión de non dividir o obxecto do contrato en lotes, a xustificación dos criterios de avaliación e a valoración da repercusión do contrato no principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira así como o estudo de custes do contrato.



Con data 9 de febreiro de 2024, a interventora xeral emitiu un certificado de existencia de crédito nos orzamentos actuais para tramitar este expediente, así como informe conforme se deberán dotar nos orzamentos dos exercicios 2025 e 2026 os créditos necesarios con cargo á aplicación orzamentaria 9240.22799.

O 12 de marzo de 2024, o xefe do Servizo de Contratación emitiu un informe xustificativo do procedemento que se debe seguir, que, segundo o artigo 131.2 en relación co 145.1 da LCSP será o procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor relación calidade-prezo.

Unha vez redactados o Prego de cláusulas administrativas particulares así como o de prescricións técnicas, estes foron incorporados ao expediente.

O órgano competente para levar a cabo esta contratación corresponde á alcaldía, tal e como informou a interventora xeral en data 9 de febreiro de 2024 de conformidade co apartado primeiro da Disposición adicional segunda da LCSP, e en consecuencia, tamén para aprobar o expediente de contratación e a apertura do procedemento de adxudicación conforme ao artigo 117 do reiterado texto legal.

A aprobación do expediente de contratación leva consigo a do Prego de cláusulas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato en virtude do disposto no artigo 116 da LCSP.

Por todo o exposto, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o que subscribe eleva á Alcaldía-Presidencia, previa fiscalización, e unha vez emitido o informe xurídico da Secretaría Xeral de conformidade co disposto no apartado 8 da DA 3ª da LCSP, a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación para a contratación do servizo denominado “execución do programa municipal de participación cidadá”, convocando a licitación.

SEGUNDO: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexerán o contrato do servizo denominado “execución do programa municipal de participación cidadá”, por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación.

TERCEIRO: Aprobar, en virtude da D.A. 33ª LCSP, o presuposto máximo de 106.816,86 € para a execución deste contrato, durante os dous anos iniciais de duración.

CUARTO: Autorizar nos orzamentos actuais o gasto de 26.704,22 € (RC: 220240000528), correspondientes ao período comprendido entre o 1 de xuño e o 30 de novembro de 2024, con cargo á aplicación orzamentaria 9240.22799.

Deberá dotarse na mesma aplicación orzamentaria dos presupostos correspondentes ás anualidades 2025 e 2026 os importes de:

- 53.408,43 euros para o ano 2025 (RCP: 220249000043).



- 26.704,21 euros para o ano 2026 (RCP: 220249000044).

QUINTO: Nomear responsable do contrato á xefa do Servizo Sociocomunitario

SEXTO: Iniciar o procedemento de adxudicación mediante a publicación dun anuncio no perfil do contratante deste concello aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, para que durante no prazo de quince días os interesados poidan presentar unha proposición.

SÉTIMO.- Publicar no citado perfil do contratante, de conformidade co artigo 63 da LCSP, a seguinte documentación:

- Acordo de incoación do expediente.
- Informe de insuficiencia de medios.
- Estudo de custes
- Prego de cláusulas administrativas particulares e prego de prescricións técnicas.
- Aprobación do expediente.”

Polo exposto, e unha vez fiscalizado de conformidade o informe-proposta polo departamento de Intervención de Fondos en data 13 de maio de 2024 (IGA18I00NT), esta Alcaldía-Presidencia, no exercicio das competencias atribuídas pola Disposición adicional segunda da LCSP,

RESOLVE:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación para a contratación do servizo denominado “execución do programa municipal de participación cidadá”, convocando a licitación.

SEGUNDO: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexerán o contrato do servizo denominado “execución do programa municipal de participación cidadá”, por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación.

TERCEIRO: Aprobar, en virtude da D.A. 33ª LCSP, o presuposto máximo de 106.816,86 € para a execución deste contrato, durante os dous anos iniciais de duración.

CUARTO: Autorizar nos orzamentos actuais o gasto de 26.704,22 € (RC: 220240000528), correspondientes ao período comprendido entre o 1 de xuño e o 30 de novembro de 2024, con cargo á aplicación orzamentaria 9240.22799.

Deberá dotarse na mesma aplicación orzamentaria dos presupostos correspondentes ás anualidades 2025 e 2026 os importes de:

- 53.408,43 euros para o ano 2025 (RCP: 220249000043).
- 26.704,21 euros para o ano 2026 (RCP: 220249000044).

QUINTO: Nomear responsable do contrato á xefa do Servizo Sociocomunitario



SEXTO: Iniciar o procedemento de adxudicación mediante a publicación dun anuncio no perfil do contratante deste concello aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, para que durante no prazo de quince días os interesados poidan presentar unha proposición.

SÉTIMO.- Publicar no citado perfil do contratante, de conformidade co artigo 63 da LCSP, a seguinte documentación:

- Acordo de incoación do expediente.
- Informe de insuficiencia de medios.
- Estudo de custes
- Prego de cláusulas administrativas particulares e prego de prescricións técnicas.
- Aprobación do expediente.

Ante min.
(Dou fe da identidade do asinante)